

DECRETO DA ALCALDÍA

Asunto: convocatoria pleno concello sesión extraordinaria e urxente

Expediente núm.: 2026/G010/000001

Expediente núm.: 2026/G003/000029

Motivación celebración sesión extraordinaria e urxente: Resultando necesario o pronunciamento do Pleno do Concello sobre determinados asuntos cuxa resolución non permite esperar a ser tratados na vindeira sesión ordinaria do Pleno.

Enterado da relación de expedientes e logo de ver os artigos 77 e seguintes do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidade Locais (en adiante ROF), e demais lexislación concordante,

Dende hoxe ten á súa disposición na secretaría xeral os antecedentes de que dispoña este funcionario relacionados co/s asunto/s que figura/n na orde do día.

RESOLVO

Primeiro.- Convocar a **SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE do PLENO DO CONCELLO** o día **14 DE XANEIRO DE 2026 (MÉRCORES)**, ás **20:30 horas (oito e media do serán)**, en primeira convocatoria, a celebrar no **SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO**, coa seguinte

ORDE DO DÍA

Nº	ASUNTO/S
1	RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN
2	PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL. Asunto: aprobación do POS+adicional 1/2026 para gastos sociais extraordinarios

De acordo co artigo 90 do ROF, no caso de non existir quórum suficiente en primeira convocatoria (un tercio do número legal de membros da corporación), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días máis tarde.

Segundo.- Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros da Corporación municipal, que deseguido se relacionan, quedando notificado/s coa sinatura/remisión do presente escrito:

NOME E APELIDOS	GRUPO POLÍTICO	TIPO NOTIFICACIÓN
ALBERTO ROMAR LANDEIRA	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
NOELIA BALEATO TOJA	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO

PATRICIA VAL ANTELO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
ESTEFANÍA CALVELO MUÑIZ	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PABLO NEGREIRA SOUTO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
CARLOS TURNES ROMERO	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
MARÍA SALOMÉ BUSTELO LÓPEZ	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
MARÍA JOSEFA POSE RODRÍGUEZ	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
JOSEFA MARÍA CALVO VILAR	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
SILVIA CANCELA BLANCO	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
FERNANDO BAÑA DOMÍNGUEZ	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
ANDY GARCÍA PEREIRA	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
MANUEL RAFAEL LIÑARES GONZÁLEZ	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL

Esta resolución notificarase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba, na data da sinatura electrónica.

O alcalde

Dou fe, a secretaria xeral

Alberto Romar Landeira

Cristina Alonso Losada